

# MULLERES NA MÚSICA

## Músicas renacentistas

“Quero mostrarlle ao mundo, na medida que podo nesta profesión musical, a vaidade errónea de que só os homes posúen os dons da arte e do intelecto e que estes agasallos nunca se dan ás mulleres.”

Maddalena Casulana



**O CONCERTO DELLE DONNE.** Era un grupo profesional de cantantes femininas de finais do Renacemento, activo na cidade italiana de Ferrara que tivo moito renome polo seu virtuosismo técnico e artístico.

**MADDALENA CASULANA** (Toscana, 1544 – 1590). Compositora, laudista e cantante italiana do Renacemento tardío.

**GRACIA BAPTISTA** (Ávila, fl. 1557). Primeira compositora española. A súa composición é a obra con teclado máis antiga composta por unha muller española.

Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo

FEBREIRO

					1 <b>O tren da liberdade</b> 1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude.	2 1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravos do Río da Prata.
3 1980 Gro Harlem Brundland. 1ª Ministra Norueguesa, escollida un Consello de 8 mulleres.	4 1921 Nace Betty Frieden. Psicóloga feminista. Fundó NOW. "La mística de la femineidad".	5 1967 Morre Violeta Parra cantante chilena.	6 <b>Día Internacional de TOLERANCIA CERO coa MUTILACIÓN XENITAL FEMININA</b> 1918 Institúese o voto das mulleres no Reino Unido.	7 1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú.	8 1958 Nace Marina da Silva. Loitadora Sindicalista e Ministra do Medio Ambiente no Brasil.	9 1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española.
10 1891 Falece Sofia Kovalevskaya. Matemática. "Rotación do sólido rixido".	11 <b>Día Internacional das Mulleres e as Nenas nas Ciencias</b> 1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller.	12 1921 Nace Asunción Linares. 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias.	13 1917 Margar. Gertrudis Zella. "Mata-Hari"-espiá holandesa- é detida nun hotel de París.	14 1902 Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino.	15 1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana é asasinada por Sendero Luminoso.	16 415 Hipátia de Alexandria, matemática e inventora, é asasinada por cristiáns.
17 1905 Nace Rozsa Peter, matemática fundadora da Teoría Recorrente de Función.	18 1934 Noruega. As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e de Igrexa.	19 1941 Nace Elfrida André, organista e compositora sueca.	20 1914 Nace en Porto Rico Julia de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo.	21 1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora.	22 <b>Día Europeo pola igualdade salarial de mulleres e homes</b> 1931 Pasamento de Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá.	23 2001 A C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade.
24 1931 Nace Eladía, cantante e compositora arxentina de tango. Considerada poetisa deste xénero	25 1932 As cortes republicanas españolas aproban a Lei do Divorcio, primeira na historia do país.	26 1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana.	27 1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español.	28 2012 Mª Xosé Agra, filósofa feminista, publica a súa obra "Crítica feminista al psicoanálisis y a la filosofía".	29 1917 Nace Rafeela Hervada, 1ª muller que dirixiu unha emisora a nivel estatal, Radio Coruña.	

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

